

INVITACIÓN Á VALORES ÉTICOS (E.S.O.)

Esta asignatura comparte unha parte de contidos afíns á antiga educación para a cidadanía. O seu obxectivo básico é orientar ó alumnado na difícil tarefa de comprender como nos gustaría ser e como quereríamos construír a nosa vida. Os valores éticos nos orientan nese percorrido para poder construír os nosos códigos de normas e valores que nos permitan ser persoas dignas e felices. Isto examínase tanto a nivel individual como para toda a sociedade. Tratarémos temas tales como :

- Como deberían ser as persoas?
- Como nos relacionamos cos demais?
- Como inflúen emocións e sentimentos nas nosas decisións?
- Os valores e os dereitos humanos.
- Os valores imperantes: o canon de beleza, a sociedade de consumo, globalización...
- En que consiste a xustiza?
- Poden/deben os cidadáns exercer algún tipo de control sobre o avance científico e tecnolóxico?

O desenvolvemento da asignatura terá sobre todo un ***carácter eminentemente práctico***. En definitiva, trátase de que consigades:

- Comprender mellor cales son os valores que cada quen quere para sí e recoñecelos como algo distinto e mellor dos valores que dende fora se imponen para todos.
- Dominar a dinámica do debate para poder descubrir entre todos que significan para nós os distintos valores tratados.
- Comprender que importancia teñen na vida de cada quen a dignidade, a realización persoal e a felicidade.
- Descubrir posibles camiños para alcanzalas.
- Comprender que eses valores teñen impacto na sociedade, facendo que sexa máis xusta, máis digna ou o contrario.
- Establecer a importancia dos Dereitos Humanos.
- unha máis aguda valoración crítica da complexidade dos beneficios e dos prexuízos das nosas sociedades cun alto grao de desenvolvemento tecnocientífico;